

PEZA DO MES

decembro

2018



AMULETO CON MOEDAS
CONXUNTO ARQUEOLÓXICO-NATURAL DE SANTOMÉ



Amuleto con moedas **Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé**

A moeda constitúe un extraordinario medio de comunicación e difusión de mensaxes, sendo polo tanto, unha fonte esencial para a reconstrución histórica, por tratarse dun documento primario, oficial, situado no tempo e no espazo, ao tempo que comprende amplos campos de estudo que van máis aló do exclusivamente político-económico, para introducirse no social, cultural, ideolóxico, xeográfico, artístico, etc. O seu uso, como teremos ocasión de comprobar, non se limita única e exclusivamente a ser un mero instrumento de cambio nas transaccións económicas, pois o fin co que un Estado acuña unha moeda ás veces non coincide co uso que a comunidade lle vai dar. Por outra banda, a moeda ten unha grande abundancia de significados, pois enriquecese con outras moitas lecturas transversais, como o valor ritual, relixioso e de protección, que se fai patente tanto polo lugar do achado, espazos de culto e necrópoles, como polas manipulacións que pode sufrir para converterse en amuleto ou talismán.

Existe un evidente silencio nas fontes clásicas relativo ao uso da moeda no mundo romano cun significado ritual - amulético, pois pouco se sabe máis aló das referencias de Plinio, relativas ao *triens aereus* da familia dos *Servilli*, considerándose que a súa fortuna estaba relacionada con dito *triens*, pois, ao parecer, entre algúns pobos bárbaros as moedas de ouro e prata dos emperadores romanos eran consideradas como potentes amuletos.

Non obstante, parece claro, e así o pon de manifesto, tanto a comparación con prácticas ben coñecidas noutros contextos culturais como a documentación arqueolóxica, que a moeda asumiu estes valores e propósitos como demostra a súa presenza nos alicerces dos edificios, nos enterramentos, nos lugares de augas salutíferas, baixo o hastil das embarcacións, nos axóuxeres dos nenos, etc.

As moedas *per se* teñen propiedades protectoras que lle son conferidas tanto pola forma como pola materia na que están realizadas. A súa estrutura redondeada, en referencia ao círculo, convérteas nun símbolo defensor, presente en todas as culturas, pola crenza de que os espíritos malignos non podían penetrar nun obxecto redondo. O feito de estar acuñadas en metal, reforza esa función protectora, pois son ben coñecidas as propiedades dos metais pola súa singularidade e pureza, e a súa utilización no mundo romano xunto coas pedras para a confección de amuletos; tamén o seu poder curador resulta evidente, como pon de manifesto a frase de Plinio: *Metalla aeris multis instruunt medicam*, sen esquecer que unha das imaxes máis próximas á moeda é a do éxito material, garantía de riqueza.

Todas estas singularidades fan da peza que presentamos, procedente do Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé (Ourense), un documento excepcional, de múltiples significados.

Aparece formada por dúas pequenas placas de prata, cunha perforación circular nun dos seus extremos, que protexen no seu interior dúas moedas. Un denario de Marco Aurelio (161-180) e unha 1/2 siliqua de Honorio (393-421).

Denario

Anverso: M. ANTONINUS AUG[...]. Busto barbado á dereita.

Reverso: T.R.P. XVII[...]. Figura feminina de pé á esquerda.

1/2 siliqua

Anverso: DN. HONORIRI-US. PF. AUG. Busto con diadema e coiraza.

Reverso: VICTOR-IAAUGG. Roma sentada con cetro e Vitoria.

Na necrópole de Chassagne, en Lezoux, departamento de Puy-de-Dôme, documentouse unha peza moi semellante a que nós presentamos, que formou parte da exposición *Embruxada. Maxia e bruxaría na Antigüidade*, que tivo lugar no museo Anne-de-Beaujeu, en Moulins. Neste caso, trátase dunha pequena lámina de chumbo dobrada sobre unha moeda de Traxano, con dous buracos de suspensión para poder ser pendurada. O texto que



DENARIO DE MARCO AURELIO. ANVERSO E REVERSO

leva gravado nas dúas caras internas suxire un destino médico ou profiláctico contra a impotencia e a infertilidade. A moeda que garda no seu interior presenta no anverso o busto de Traxano e no reverso as figuras alegóricas da Vitoria e a Gloria.

No mundo romano a moeda está considerada como un importante instrumento de representación do poder, pola asociación iconográfica do poder político, personificado na figura do emperador do anverso, e do poder relixioso, encarnado no reverso por medio das diferentes divindades. Cando pasa a ser utilizada cunha función máxica-amulética prodúcese un reforzamento dos valores simbólicos propios, tanto polos poderes taumatúrxicos derivados dos emperadores como pola forza protectora dos mesmos deuses, nese intrincado labirinto de correlacións que se establecen no mundo antigo entre poder, relixión e maxia.

Parece indiscutible que as moedas empregadas para estas novas funcións son exemplares emitidos durante os reinados de emperadores prestixiosos, como o caso que nos ocupa, correspondente a Marco Aurelio, coñecido como o filósofo, e que a pesar do conflito cos partos e no *Limes Germanicus*, proporcionou un período de gran prosperidade para o Imperio, ou Traxano que aparece no amuleto de Lezoux. Por outra banda, dá a impresión de que o reverso destas moedas, non é escollido de forma aleatoria, pois dáse a coincidencia de que maioritariamente representan imaxes femininas, que resultan claves para a representación das virtudes, tales como a felicidade, concordia, vitoria, fortuna, ou saúde, reforzando así a mensaxe que se precisa por medio da linguaxe.

No que respecta ao eido cronolóxico de fabricación deste tipo de amuletos monetarios, véñense datando nun período comprendido entre o século II e IV d. C., polas análises das características iconográficas, epigráficas e contextos arqueolóxicos. No caso concreto de Santomé, contamos con elementos suficientes para poder situar a súa confección nun momento comprendido entre finais do século IV e primeiro cuarto do V d. C., coincidente co momento de abandono do poboado tardorromano,



1/2 SILIQUA DE HONORIO. ANVERSO E REVERSO

ben documentado tanto polo numerario como por outros fósiles arqueolóxicos de cronoloxía precisa. A presenza da 1/2 siliqua de Honorio na elaboración do amuleto estanos proporcionando un data *post quem*, subliñando a coincidencia cos momentos finais deste asentamento. A outra moeda que forma parte do amuleto, o denario de Marco Aurelio, con máis de dous séculos de diferenza na súa cuñaxe, en relación coa de Honorio, non fai máis que reforzar os valores simbólicos e profilácticos das moedas antigas utilizadas como amuletos ou talismáns.

A pesar de que a miúdo amuleto e talismán se acostuman empregar indistintamente e cun mesmo significado, as súas funcións non se corresponden exactamente, pois mentres que o amuleto serve para protexer do mal, apartar dos perigos e adversidades, o talismán ten poderes propiciatorios, que lle confiren privilexios máxicos activos ao seu portador. Polo que se pode concluír que un talismán é un amuleto activo.

Independentemente do seu uso como amuleto ou talismán, parece lóxico pensar que este tipo de obxectos deberon ser utilizados a modo de *strenae*, regalo que con ocasión das *Kalendae Ianuarie* realizaban os romanos, cun valor alegórico, para desexar *bonum omen*, bo augurio, e riqueza material para o ano vindeiro. Tampouco o seu significado debía estar moi lonxe da *bullae*, cápsula realizada en metal ou en coiro, que se levaba colgada do pescozo, encerrando no seu interior elementos que protexían contra o mal de ollo ou *fascinium*, que dalgunha forma tiveron a súa continuidade na coñecida como «bolsa dos atavíos», que contiña dentes de allo e outros obxectos contra todo tipo de meigallos, e que forma parte do rico acervo cultural da maxia e da superstición do pobo galego. Nun contexto semellante, aínda que cunha vertente máis lúdica, atópanse os *crepundia*, en especial o *crepitaculum puerile*, especie de axóuxere.

A peza examinada, xunto coa ara dedicada á deusa Tutela, un amuleto de bronce cunha figa e dúas pequenas *bullae* de bronce, vén a completar a visión da relixión e da superstición dos habitantes do Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé no seu devir histórico.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Xulio Rodríguez González

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

galicia



XUNTA
DE GALICIA